



NOTA INFORMATIVA SOBRE A SUBSANACIÓN DA EXCLUSIÓN PROVISIONAL NA INSCRICIÓN AOS PROCESOS SELECTIVOS

A Dirección xeral da Función Pública realizou as consultas automatizadas para verificar o cumprimento das condicións para a exención ao pago de taxas, sobre as solicitudes de admisión de varios procesos selectivos da OPE 2021.

Resultan emendables as seguintes causas de exclusión provisional:

cód	causa provisional de exclusión	
63	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de familia numerosa xeral	non emendable
64	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de familia numerosa especial	non emendable
65	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de discapacidade	non emendable
66	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de demandante de emprego 6 meses antes convocatoria	non emendable
67	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de non percibir prestación ou subsidio por desemprego	non emendable
83	Non cumpre a condición de familia numerosa xeral	emendable
84	Non cumpre a condición de familia numerosa especial	emendable
85	Non cumpre a condición de discapacidade	emendable
86	Non cumpre a condición de demandante de emprego 6 meses antes convocatoria	emendable
87	Non cumpre a condición de non percibir prestación ou subsidio por desemprego	emendable

Procedemento para a emenda da exclusión provisional:

Hai dúas posibilidades para a emenda:

- Aportación de documentos adicionais para acreditación da causa orixinal da exención
- Renuncia á exención e, por tanto, abono íntegro do importe da taxa



- Acreditación documental da causa da exención. Deberá achegar a documentación que corresponda:

- certificado de discapacidade.
- certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar.
- certificación expedida por unha oficina de emprego na que conste como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación no DOG da convocatoria.
- certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir unha prestación ou o subsidio por desemprego.

- Renuncia á exención e, por tanto, abono íntegro do importe da taxa.

Texto para cubrir no formulario da taxa:

Consellería de:	05	Facenda e Administración Pública
Delegación de:	13	Servizos centrais
Servizo de:	007	Función Pública
Taxa:	300302	Inscripción nas oposicións para a selección de persoal da Comunidade Autónoma

Importes totais:

subgrupo A1 = 43,30 €

subgrupo A2 = 37,27 €

subgrupo C1 = 32,48 €

En caso de ter feito un abono anterior de unha contía parcial, debe ingresar so a diferenza pendente.

Utilizará o modelo AI, 730 ou 731 da Axencia Tributaria de Galicia

<http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>

Finalmente, deberá remitir a instancia por rexistro.

Se aporta documentación xustificativa da causa da exención e o documento orixinal está en versión papel, deberá facer a presentación mediante rexistro presencial.

Noutro caso, poderá presentar mediante rexistro electrónico
<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2022

INSTANCIA PARA A SUBSANACIÓN DA EXCLUSIÓN PROVISIONAL Á PARTICIPACIÓN NUN
PROCESO SELECTIVO

Don/Dona _____,
DNI/NIE _____, e domicilio a efectos de notificación en

que anteriormente presentara solicitude de participación no proceso selectivo

achego a seguinte documentación acreditativa para subsanar a exclusión provisional:

- _ familia numerosa
- _ demandante de emprego
- _ discapacidade
- _ Non figuro nas listas de persoas admitidas nin excluídas.
(acompañó copia da solicitude orixinal presentada)
- _ xustificante de pagamento das taxas

_____, _____ de _____ de 2022
(Sinatura)

Servizo de Selección
Dirección xeral da Función Pública
Consellería de Facenda
Edificio administrativo, s/n
15781 Santiago de Compostela